

Divisibilidade

1. - Responde ás preguntas razoando as túas respostas:

a) O número 96 é múltiplo de 12?

b) O número 6 é divisor de 96?

2. - a) Calcula os cinco primeiros múltiplos de 12 e de 25.

b) Calcula todos os divisores de: 8, 12, 30 y 36.

3. - Completa a seguinte táboa e utiliza os criterios de divisibilidade para descubrir se o número 10452 é divisible por 2, 3, 5, 6 e 10.

	<i>Criterio de divisibilidade</i>	<i>Exemplos</i>
2		12, 34, 890...
3		
5	Que o número remate en 0 ou 5	
6		
10		

4. -

a) Busca no teu libro e escribe os dez primeiros números primos.

b) Acha a descomposición factorial de 36, 90, 120, 280 e 300.

5. - Calcula:

a) MCD (15,18)

mcm (15,18)

b) MCD (12, 20)

mcm (12,20)

c) MCD (12,30,36)

mcm (12,30,36)

6. - Un comerciante ten 30 latas de refresco de laranxa e 80 latas de refresco de limón. Quere envasalas en envases coa maior capacidade posible e co mesmo número de latas (sen mesturar as de distinto sabor). Cantas latas debe poñer en cada envase?

7.- Pódense encher un número exacto de garrafas de 15 litros cun bidón que contén 200 litros?

8. - Por unha parada de autobuses pasa un autobús da liña A cada 6 minutos, e un autobús da liña B cada 9 minutos. Cada canto tempo coinciden os dous autobuses na parada? Se ás 10 da mañá pararon os dous autobuses á vez, cando volverán coincidir?